



Intelixencia
interpersoal



Historia dunha pelota

Mohamed non ten tempo para ir ao colelio. Desde que sae o sol ata que este lle deixa paso á lúa, corta, perfura e cose pelotas de fútbol. Os balóns saen rodando desde o lugar paquistaní de Umarkot, onde Mohamed vive, ata o resto do mundo.

Traballa **anicado**. Ás veces dóenlle as costas porque está en crequenas todo o día e case sempre lle doen os ollos de tanto **enfiar** a agulla. Pero el non se queixa nunca: é moi forte.

Gústalle imaginar que algunha das súas pelotas estará na final dun Mundial ou da Champions. E quen sabe? Quizais a que está cosendo agora é unha desas que Leo Messi levará para a casa despois de facer un **hat-trick**. Iso si que lle faría ilusión! Messi é o seu xogador preferido. Ás veces discute sobre el de broma con súa nai. Ela cre que Messi é moi neno; velle mellor planta a David Beckham. Pero como Mohamed nunca viu xogar a Beckham, pensa que todo son ocorrencias de súa nai e responde cun sorriso.

SABER MÁIS

Moitas narracións relatan a historia de personaxes que viven experiencias que poderían ser reais.

Estes textos chámense contos realistas.

Pero, a pesar da súa apariencia de verdade, hai que ter en conta que os personaxes e os feitos que aparecen nun conto realista son inventados.

Mohamed non sabe para que famosa marca deportiva será o balón que agora cose con tanto coidado. El traballa para un pequeno contratista local, pero este, á súa vez, traballa para outro gran contratista. Este último está subcontratado, así mesmo, por unha empresa do país que, por outra banda, é socia dunha multinacional americana ou europea. Así que é praticamente imposible saber a onde van parar os seus balóns.

Aínda que nunca saíu do lugar, gústalle pensar noutras cidades, noutrous mundos. Ás veces imaxina que de maior será xogador de fútbol profesional. El é un bo dianteiro e encantariálle xogar algún día nalgún equipo da liga europea. E se iso se fixese realidade, poida que marcase goles con algunha das súas pelotas. Como ten unha maneira de coser especial, seguro que recoñecería un balón feito por el en calquera lugar, por moitos anos que pasasen.

Para facer realidade o seu soño, adéstrase moito en compañía dos seus amigos. Ao acabar o traballo na fábrica, saen todos correndo e van a un descampado próximo. Descalzos e felices, danlle patadas ao **fardo** de trapos vellos e tiras elásticas que lles fai de pelota, entre montóns de ladrillos escachados, restos de amianto e cristais rotos. Eles non teñen cartos dabondo para poder xogar cun dos balóns que fabrican, áinda que lles encantaría.

Mohamed está contento de poder axudar economicamente a súa familia. É grande dabondo para saber que os rapaces non teñen que traballar, pero tamén sabe que o fan todos os seus amigos. Pensa que, como é pobre, non ten outro remedio. O que el non sabe é que o traballo infantil non é resultado da pobreza, senón que é a causa desa pobreza. É a causa da desocupación adulta, xa que os rapaces fan o labor de seus pais cun custo moito más reducido. Tamén é a causa de que el non estude e do elevado índice de analfabetismo que hai no seu país.

A Mohamed páganlle cinco céntimos por hora por coser unha pelota que terá un prezo de máis de quince euros nunha tenda europea. Pero iso el non o sabe.

Mohamed ten once anos e traballa no obradoiro desde que tiña cinco. O que máis lle gusta é rematar a pelota e poñerlle a etiqueta. Daquela sorri: gústalle o traballo ben feito. Pero, se soubese ler, e ler en inglés, podería entender a inscrición que el apega en cada unha das súas obras:



ESTA PELOTA NON
FOI FABRICADA
POR RAPACES.

anicado: agachado,
coas pernas dobradas.

enfiar: facer pasar
un fío polo burato
dunha agulla.

hat-trick: conxunto
de tres goles marcados
por un mesmo xogador
nun partido.

fardo: conxunto
de obxectos envoltos
e atados.

FICHEIRO ORTOGRÁFICO

Escribe unha oración
con cada unha destas
palabras da lectura.

ocorrencias

sorri

inscrición

Competencia lectora

Melloro a lectura

- 1 Practica a lectura selectiva localizando no menor tempo posible todas as veces que aparece o nome de Mohamed no conto.

Comprendo o texto

- 2 Observa e responde.



- Quen é?
- Onde vive?
- Que idade ten?
- A que se dedica?
Desde cando?

- 3 Explica por que a lectura da unidade se pode considerar un conto realista atendendo a estes elementos.

- O personaxe.
- O marco da historia.
- Os feitos que se narran.

- 4 Escribe V (verdadeiro) ou (F) falso.

- Mohamed traballa, pero tamén vai ao colexió. ▶
- O traballo de Mohamed é cómodo. ▶
- Mohamed non sabe para que marca será o balón que fabrica. ▶
- Mohamed está contento de axudar economicamente a familia. ▶

- 5 Completa cos datos da lectura.

- Ás veces Mohamed imaxina que de maior será .
- O xogador de fútbol preferido de Mohamed é .
- Cando sae da fábrica Mohamed vai cos amigos a para .
- No fútbol, Mohamed é un bo .

Traballo expresións do texto

- 6 Di que personaxe está en crequenas.

A



B



Explico e interpreto

- 7 Relaciona e completa coa consecuencia que corresponda en cada caso.

- 1 Os rapaces cobran pouco; por iso
- 2 Os rapaces traballan; por iso
- 3 Os rapaces non van á escola; por iso
- 4 Os rapaces non saben ler; por iso

CONSECUENCIAS

- non saben ler. os contratan.
- non poden ir á escola. non saben o que di a etiqueta.

- 8 Pensa e responde.

- Canto cobraría Mohamed por un día de traballo se traballase 8 horas?
- Cantos días tería que traballar para poder mercar unha das pelotas que fabrica
- Cres que iso é xusto? Por que?

- 9 **EDUCACIÓN CÍVICA.** Debate cos compañeiros sobre as medidas que se poderían tomar para acabar coa situación de rapaces como Mohamed.

Eu tamén escribo

- 10 Escribe un parágrafo breve en que manifestes se estás de acordo ou non co que pensa Mohamed e explica por qu...

Mohamed pensa que, como é pobre, non ten outro remedio.

Intelixer
Lóxico-mat

3 Responde. Cando vas a cada un destes establecimentos?

- Ao salón de peiteado.
- Á zapataría.
- Á tenda de roupa.
- Á xoiaría.

4 Observa e relaciona con números.

- rechamante
- apetecible
- barato
- cheo



5 Completa coa palabra que corresponda en cada caso.

ascensor

garaxe

escalaíra mecánica

caixeiro automático

Un centro comercial moi completo

O novo centro comercial do barrio ten de todo. Na planta baixa está o para estacionar os coches. Para subir e baixar dunha planta a outra podes usar a ou, se levas carro, o . E en cada planta hai un para sacar diñeiro. Que completo!



A PREFIXACIÓN

Os **prefixos** son partículas que se engaden ao principio dalgunhas palabras para formar outras novas. Exemplo: *des-* + *contar* → *descontar*. Este procedemento para crear palabras novas chámase **prefixación**.

Os prefixos adoitan achegar algún significado diferente ao que ten a palabra primitiva. Por exemplo, *descontar* significa 'rebaixar algo do total dunha conta'.

6 Forma palabras novas engadíndolle ás seguintes os prefixos propostos en cada caso.

- | | | |
|-------|-------------|-----------|
| in- ► | ■ cómodo | ■ xustiza |
| re- ► | ■ construir | ■ elixido |

- | | | |
|--------|------------|------------|
| sub- ► | ■ director | ■ título |
| pre- ► | ■ romano | ■ cociñado |

UTILIZA O DICIONARIO

7 Busca no dicionario dúas palabras de cada tipo e explica que significado lles achega o prefixo.

QUE TEÑAN O PREFIXO EXTRA- ►

QUE TEÑAN O PREFIXO CON- ►



Crees que todos os verbos dunha conxugación se conxugan coma o verbo modelo? Compróbalo!

Identifica en cada grupo as formas que non seguen o modelo na primeira persoa de singular do pretérito perfecto de indicativo e di a que verbo pertencen.

MODELO ANDAR	► camiñei	estiven	cantei	dei
MODELO VARRER	► fixen	comín	puiden	souben
MODELO PARTIR	► fun	saín	vin	dixen

LEMBRA

Os verbos que serven como modelo en cada conxugación son os seguintes:

PRIMEIRA CONXUGACIÓN

▼
andar

SEGUNDA CONXUGACIÓN

▼
varrer

TERCEIRA CONXUGACIÓN

▼
partir

Os verbos regulares

Son regulares os verbos que cumplen estas dúas condicións:

- Manteñen a raíz igual en todas as formas. Exemplo: voar → voei, voarei...
- Presentan sempre as mesmas desinencias ca o verbo modelo. Exemplo: voei (coma andei), voarei (coma andarei)...

Hai verbos cunha raíz que se pronuncia igual en todas as formas, pero que presenta variacións ortográficas na escrita. Exemplos:

c → qu	<u>buscar</u> → <u>busco</u> , <u>busquei</u> , <u>buscarei</u> ...
z → c	<u>abrazar</u> → <u>abrazas</u> , <u>abrases</u> , <u>braceei</u> ...
g → gu	<u>acougar</u> → <u>acouga</u> , <u>acougue</u> , <u>acougo</u> ...

Estes verbos que varían só ortograficamente tamén se consideran regulares.

Os verbos irregulares

Os verbos que presentan cambios na raíz (vou, fuches...) ou que non utilizan as mesmas desinencias ca o verbo modelo correspondente (estiven, estiveches...) son **verbos irregulares**. Algunos verbos irregulares son *dar*, *estar*, *ser*, *querer*, *facer*, *ir* e *vir*.

Para saber se un verbo é regular ou irregular só é necesario conxugar os seguintes tempos de indicativo: presente, pretérito perfecto e futuro. Se o verbo é regular nestes tempos, é regular en toda a conxugación. En caso contrario, o verbo é irregular.

1 Responde.

- Que dúas condicións debe cumplir un verbo para ser regular?
- Cando se considera regular un verbo que presenta variacións na raíz?
- Tendo en conta que obedezo é a primeira persoa do presente de indicativo de obedecer, este verbo é regular ou irregular? Por que?

2 Escribe os infinitivos dos verbos a que pertencen as formas destes grupos e clasífiacos.

convertirán
converta
convertistes

alugaches
aluguei
aluguemos

puideron
podiades
poida

viñeches
veño
viredes

A SÚA RAÍZ VARÍA ➔

A SÚA RAÍZ NON VARÍA ➔

3 Indica que verbo dos anteriores, a pesar de presentar variacións na raíz, é regular.

4 Comproba se os seguintes verbos son regulares ou irregulares.

Lembra que, para sabelo, só tes que conxugar o presente de indicativo, o pretérito perfecto e o futuro.

ESCRIBIR



FERVER



QUERER



DEBUXAR



5 Localiza os verbos do seguinte texto e clasífiacos en regulares e irregulares.

Unha película emocionante

Onte fun ao cine coa miña amiga Lucía. Tocáronlle unhas entradas nun sorteo e convidoume. Cando chegamos ao despacho de billetes, botaban tantas películas que non sabiamos cal elixir! Ao final, vimos unha sobre cabaleiros medievais. Encantounos, sobre todo cando o protagonista evita que a dama caia por un precipicio. Foi tan emocionante...



SON VERBOS REGULARES ➔

SON VERBOS IRREGULARES ➔



ELABORA O TEU RESUMO

Que verbos son regulares?
Que condicións deben cumplir?

Son verbos regulares os que manteñen **_____ igual** en todas as formas e, ademais, presentan sempre **_____ ca** o verbo modelo da súa conxugación.

Que verbos son irregulares?

Son verbos irregulares os que presentan **_____ na raíz** ou non utilizan **_____ ca** o verbo modelo da súa conxugación.

Como podemos saber se un verbo
é regular ou irregular?

Para saber se un verbo é regular ou irregular, só temos que conxugar o **_____**, o **_____ e o futuro** e comprobar que non se producen **_____ na raíz** e que as **_____ son **_____ ca** as do verbo modelo.**

Lembras en que casos se emprega o punto e coma? Compróba-o coa seguinte actividade!



Fíxate nos símbolos (*) / (*) e di cal representa a coma e cal o punto e coma.

- Os premios que se van repartir no centro comercial son os seguintes: para o terceiro* unha camiseta e un chándal* para o segundo* unha bicicleta* e para o primeiro* unha viaxe.
- Hoxe chegou á casa moi canso* non obstante* se ti mo pides* mañá irei convosco de excursión.

LEMBRA

Cando les un texto e aparece un punto e coma, tes que facer unha pausa un pouco máis longa ca a que fas cando hai unha coma.

Escríbese punto e coma (:) nos seguintes casos:

- Para separar os elementos dunha enumeración cando algún destes xa leva coma. Exemplo: *O meu avó é dentista; a miña tía, mestra; meu irmán, mecánico; e eu estudio quinto.*
- Diante dos enlaces *malia que, ainda que, non obstante, con todo...* cando introducen oracións extensas. Exemplo: *Estou moi contento; con todo, ainda non me confirmaron a nova.*

- 1 Copia substituíndo cada símbolo (*) por un punto e coma. Despois, explica por que se utilizou ese signo de puntuación en cada caso.



- 2 Copia o texto escribindo as comas e os puntos e coma que cumpra.
Que bo invento o do papel!

Ao longo da historia as persoas utilizaron diferentes materiais para escribir sobre eles: pedras os homes primitivos papiro os exipcios taboíñas de cera os romanos e pergamo os monxes da Idade Media. Menos mal que se inventou o papel porque... imaxinas como irías de cargado ao colexiño?

- 3** Completa a oración co nome dos obxectos e escribe punto e coma onde corresponda.



Para a clase de ximnasia merquei unhas [] para a de debuxo, un [] para a de matemáticas, unha [] e para a de xeografía, un [].

- 4** Relaciona estas oracións empregando *con todo e non obstante*.

- | | |
|---------------------------------|---|
| ■ Ana leu ese libro cinco veces | ■ decidiron que era moito mellor para eles facer a viaxe en tren. |
| ■ Meus tíos teñen un bo coche | ■ sempre se ri coas bromas e cos chistes que aparecen nel. |

- 5** DITADO. Prepara o ditado para facelo no caderno.

Fíxate nas comas e nos puntos e coma.

Unha tarde esgotadora

Sabes que fixen o sábado pasado? Fun con meus pais de compras ás tendas do centro comercial e non mercamos nada de nada! Incrible! Pero eles sonche así. Na zapataría, dos zapatos que lles gustaban non había número; na tenda de roupa, a blusa era moi atrevida e os vestidos tiñan cores rechamantes; na xoiaría, estaba todo carísimo... Eu acabei morta; con todo, recuperei forzas cando me convidaron a un chocolate!



APRENDO COMO SE ESCRIBE



breve

De pouca duración ou extensión.

- Di que palabra está ben escrita.
- A vreve B brebe C brebre D breve
- Localiza as letras que forman a palabra e escríbeas ordenadas en maiúscula e en minúscula.
- E O R X E Ñ B I A V
- Completa coas grafías que corresponda estas palabras da familia de *breve*.
- *re*idade a*re*iatura a*re*iar a*re*iación

Intelixencia interpersoal



Os dous amigos e o oso

Unha vez dous amigos paseaban xuntos por un bosque e, de súpeto, saíllles ao paso un oso enorme.

—Auxilio! —berraron arrepiados.

Entón, comenzaron a correr. Un dos amigos viu unha árbore moi alta e **gabeou** por ela rapidamente. O outro intentouno, pero non deu subido.

—Por favor, axúdame ou o oso devorarame —suplicoulle ao de arriba.

—Síntoo —dixo o amigo—, pero as pólas da árbore non son fortes dabondo. Se sobes, poden romper e entón o oso devoraranos aos dous.

Abandonado e desesperado, o home, que oíra dicir que os osos non atacaban os cadáveres, decidiu deixarse caer no chan e fixo o morto.

Pouco e pouco, o oso achegouse ao home, uliscouno un anaco e, convencido de que estaba morto, marchou.

Desaparecido o perigo, o amigo baixou da árbore e dixo:

—Que medo pasei! Tiveches o oso tan preto que semellaba que che **bisbaba** algo á orella.

—Pois si. Efectivamente, díxome que me afastase de persoas que, coma ti, diante dun perigo abandonan os amigos.

E sen decir máis nada, o home marchou para a casa só.

Baseado nunha fábula de ESOPO

gabeou: subiu a un lugar alto coa axuda dos brazos e das pernas.


bisbaba: falaba con voz moi baixa.

Xeralmente, as narracións teñen unha estrutura de tres partes.

- A **presentación** é a parte inicial, en que se presentan os personaxes e a situación que estes están a vivir.
- O **nó ou trama** é a parte central da narración, en que se contan as accións que realizan os personaxes para resolver o problema ou conflito a que se enfrentan.
- O **desenlace** é a parte final, en que se explica como se resolve o problema e como remata todo.

- 1 Escribe V (verdadeiro) ou F (falso). Despois, converte as afirmacións falsas en verdadeiras.

- Algunhas narracións só teñen presentación e desenlace.
- O marco da historia preséntase no nó ou trama.
- As accións dos personaxes forman parte do nó ou trama.



2 Indica, na narración *Os dous amigos e o oso*, onde comeza e onde acaba cada parte e que se conta en cada unha.

PRESENTACIÓN ➤

NÓ ➤

DESENLACE ➤

3 Ordena as seguintes oracións e di a que parte da narración pertence cada unha.

- Sen pensalo dúas veces, marchou cara á cociña e alí atopou un fantasma que choraba desconsolado.
- Pedro era un rapaz moi valente que vivía nunha casa vella no medio do campo.
- A partir daquel día o fantasma deixou de ter medo ás tronadas e converteuse nun dos fantasmas más respectados da Asociación Fantasmal.
- Unha noite de tempestade, Pedro espertou e oíu uns salaios que saían da cociña.
- Daquela, Pedro regaloulle a súa pedra da sorte para que lle axudase a ser valente.
- O fantasma explicoulle a Pedro que lle daban medo as tronadas e que, se non superaba aquel temor, sería expulsado da Asociación Fantasmal e todo o mundo se ía rir del.

4 AGORA EXPLORA TI. Le con atención a información que se proporciona. Despois, lembra a parte inicial dos seguintes contos e relaciona aqueles que teñen unha presentación semellante.

Ás veces, a presentación dunha historia contén elementos semellantes á presentación doutra; tanto, que incluso ao lela pode facer que nos lembremos daquela. Agora ben, sempre se inclúe algún elemento diferente que permite desenvolver o nó ou a trama de xeito distinto. Fíxate!

1 *O anano e o xigante*

Garavanciño

2 *A Bela Dormente*

O Xastre Valente

3 *Polgariño*

Rapunzel



5 Escolle unha das parellas de contos da actividade anterior e escribe polo menos dúas semellanzas e dúas diferenzas que observas entre eles.

Demostra o teu talento



6 Escribe un conto breve sobre esta escena despois de responder as seguintes preguntas.



PRESENTACIÓN

- Quen é?
- Onde se encontra?
- Que fai alí?

NÓ OU TRAMA

- Que problema ten?
- Que fará para solucionalo?

DESENLACE

- Como acabará todo ao final?

Inte
lin




1 **RESUMO.** Copia e completa o resumo destes contidos da unidade.

- Algunhas palabras novas fórmanse por prefixación, é dicir, engadindo ao dunha palabra unha partícula chamada .
- Escríbese punto e coma para separar os elementos dunha cando algún destes xa leva . Tamén se escribe diante dos enlaces *malia que, ánda que, non obstante*, cando introducen .
- Xeralmente, as narracións presentan unha estrutura en tres partes:
 - a , en que se presentan os personaxes e a situación que están a vivir;
 - o , que é a parte en que se desenvolve a acción;
 - o , en que se explica como se resolve o conflito e como remata todo.



2 **ESQUEMA.** Copia e completa o seguinte esquema.

Intelixencia
xílico-matemática



3 Arrodea os prefixos destas palabras. Despois, escribe outra palabra formada por cada prefixo.

- subdirector
- precociñado
- imposible
- destapar
- antinéboa

4 Subliña os verbos destas oracións e clasifícalos en regulares e irregulares.

- | | |
|------------------------------------|------------------------------------|
| ■ Martiño non sabe cando virá. | ■ Se fas os deberes, aprobarás. |
| ■ Eva e mais eu tocamos nun grupo. | ■ Cando poida, traereiche patacas. |
| ■ Non quero que me telefonen máis. | ■ A neta e a avoa abrazáronse. |

5 Escribe coma ou punto e coma onde conveña para mellorar o texto destas notas.

Antía:

Cando vayas á praza, lembra que da carnizaría tes que traer medio quilo de solombo da peixaría unha pescada xeitosa e da froitaría mazás e pexegos.

Estimados alumnos:

A semana pasada rematamos a unidade once do libro de Lingua con todo convén que a repasedes ben para poder comprender o que imos explicar na doce.

Clasifica as seguintes palabras en compostas e derivadas.

- | | | |
|---------------|-------------|----------------|
| ■ gardacostas | ■ panadaría | ■ carballeira |
| ■ ferreiro | ■ parraíos | ■ soñador |
| ■ lavalouza | ■ pasamáns | ■ submarinista |

SON COMPOSTAS ➤

SON DERIVADAS ➤

Subliña as formas verbais das seguintes oracións e analízaas coma no exemplo.


- Manuel quería que lle mercases o xornal.
- Mientras ti cantas, eu tocarei a frauta.
- Cando chegamos, xa pecharan.
- Cando acabes o xeado, avísame.

Exemplo ➤ quería ➔ 3.ª persoa do singular do pretérito imperfecto de indicativo do verbo querer.

Como é cada un? Describeos utilizando varios adxectivos separados por comas.



■ O esquío é ➤



■ A gata é ➤



■ O can é ➤

DITADO ACUMULATIVO. Prepara o ditado para facelo no caderno.

Un alérxico especial

Meu irmán alegou motivos de saúde para non ir de compras. Segundo el, é alérxico ao centro comercial! A iluminación moléstalle mos ollos, a música dálle dor de cabeza e non soporta o aire acondicionado! El é así de especial; non obstante, cando imos ver unha película, a alerxia pásalle. Non cres que ten moita cara?

- A acentuación (normas xerais, ditongos e hiatos e acento diacrítico)
- A coma
- O punto e coma



AUTOAVALIACIÓN

Escribe V (verdadeiro) ou F (falso) e pontúate. Cada resposta correcta vale 2 puntos.

- 1 Un prefixo é unha partícula que se engade ao final dunha palabra para formar outra. ➤
- 2 Os verbos con variacións ortográficas na raíz son irregulares. ➤
- 3 Ao ler un texto, cando aparece un punto e coma faise unha pausa longa. ➤
- 4 Os verbos regulares da 1.ª conjugación seguen o modelo de *andar*. ➤
- 5 Os verbos *estar*, *facer*, *poñer* e *vir* son regulares. ➤

